

COMUNICADO DA COORDINADORA ANTI-ENCORO DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

Á vista do anuncio de Augas de Galicia sobre un novo investimento no Umia para a recuperación do bosque de ribeira para que “... *contribúa a facer de filtro, mellorando así o estado da auga ...*”(nota da Xunta), a Coordinadora denuncia a inepta e irresponsable política da Xunta sobre a protección dos ríos e a calidade da auga de consumo, facendo unha deixación de funcións que nos está levando a todos cara ó desastre, metendo nun pozo sen fondo cantidades inxentes de cartos públicos que innecesariamente se están gastando por culpa do encoro e detraendo estes fondos doutras partidas dos orzamentos autonómicos que servirían para atender necesidades vitais como ambulancias ou dependencia, e mesmo para a preservación do entorno, tanto desde o punto de vista ambiental e paisaxístico como de saúde, polas consecuencias que o consumo de auga do encoro terá a longo prazo nas persoas.

A desinformación programada, intencionada e interesada que practica a Xunta sobre o que está a pasar no Umia, tapando con mentiras os inconfesables intereses de partido, que se traduciron na entrega dun río en bo estado para a especulación económica, da os resultados esperados e consegue que unha parte da poboación entenda como boa unha inversión millonaria que non sería necesaria se non autorizaran a explotación hidroeléctrica.

É falso que os problemas de eutrofización do Umia sexan debidos á gandeiría ou á falta de instalación de depuración, porque o Umia era un río cunha calidade de auga boa ou moi boa e non tivo nunca problemas antes do encoro, agás verquidos puntuais.

A eutrofización ten a súa orixe na auga encorada que resulta necesaria para que exista a explotación hidroeléctrica. Sobre a solución para a desaparición definitiva da microcistina téñese pronunciado a comunidade científica: DEIXAR O RÍO LIBRE SEN ATRANCOS ARTIFICIAIS QUE RETEÑAN A AUGA, conseguindo así que se osixene, e impedindo, en consecuencia, a eutrofización que da lugar ás cianobacterias.

A Coordinadora chama á reflexión da cidadanía para que se pregunte o porque deben de asumir estes riscos e prexuízos SÓ PARA QUE UNHA MERCANTIL EXPLOTE O RÍO, COA COMPLICIDADE DA XUNTA DE GALICIA e mesmo das autoridades locais.

Teñen calculado, polos datos publicados, o que significa que haberá moitos máis dos que non teñan coñecemento, que no encoro lévanse investido desde a

adxudicación do proxecto de construción máis de CATRO MIL MILLÓNS DAS ANTIGAS PESETAS:

DOGA. 1996. Adxudicación do proxecto de construción a DRAGADOS-ABECONSA. 1.411 millóns das antigas pesetas.

DOGA. 2000. Adxudicación de obras de reforzo do muro a MIXTURAS. 443.000,00 euros (737 millóns das antigas pesetas).

BOE 2008). Contrato con GESECO. Auscultación das presas de Forcadas, Cecebre, Baiona e vixilancia e mantemento dos equipos do SAIH na Presa de Caldas de Reis. 358.558,02 € (máis de 590 millóns das antigas pesetas)

BOE 30-04-2011. Contrato con GESECO. Conservación do dominio público hidráulico nas marxes do encoro. 356.314,06 € (máis de 590 millóns das antigas pesetas).

DOG 21-08-2017. Contrato con UTE-Ain Empresa de Servicios de3 Construcción & Lafcarr Project&Desing, S.L. (proxecto e execución de obra de implantación dos plans de emerxencia das Presas de Caldas de Reis, Eiras, Baiona e O Con). 785.661,47 € (máis de 1300 millóns das antigas pesetas, repartidas entre os catro encoros).

2019. Rexeneración bosque de ribeira. 100.000 € (166 millóns das antigas pesetas).

A estas cantidades hai que engadir os elevadísimo custe do tratamento da auga, e os estudos feitos para eliminar a Microcystis.

En consecuencia, o encoro representa un problema de SAÚDE e AMBIENTAL pero TAMÉN ECONÓMICO POLO CUSTE QUE SUPÓN MANTER A ACTIVIDADE HIDROELÉCTRICA PARA AS ARCAS PÚBLICAS.

Tamén queren facer un chamamento ó alcalde de Caldas para que asuma dunha vez a responsabilidade que ten de defender o seu río e a saúde e benestar dos veciños e veciñas de Caldas, en vez de tratar de minimizar o problema que ten en Caldas falando do mal que están os ríos en xeral. Compartindo a pésima xestión que fai a Xunta, non lle compete ó alcalde de Caldas ocuparse dos ríos de Galicia en xeral senón do que ten no seu pobo.

Caldas de Reis, 31/10/19

¡ENCORO NON!